



# O Camiño Francés a Compostela, ó seu paso polas terras do Ortegal

Dende o século XII temos referencias documentadas do paso por Ortigueira de pelegríns a Santiago e Teixido

Por Xosé Carlos Breixo Rodríguez

Investigador histórico

Fotos: do autor, Álvaro F. Polo e arquivo

Xa podemos asegurar que no século XII existen dúas referencias escritas que dan noticia da parada forzosa dalgún viaxeiro importante, chegado ás costas ortigueiresas procedente do Norte; a súa intención era proseguir ata Terra Santa; ás veces víanse obrigados a fazer paradas nalgún punto da costa galega; outras veces terían a intención de percorrer o camiño na percura dos santuarios que xa tiñan certa sona e continuar cara a Santiago. Procuraban lugares favorables para o desembarco e ó mesmo tempo que estiveran cerca dalgún ca-

miño coñecido que aseguraban unha certa protección, e facilitaban a viaxe. Non é posible achegar datos más concretos desta época, pero sí o podemos facer, como se verá, a partir dos século XIV e XV.

**REFERENCIA DE AL IDRISI.**- Comezaremos analizando unha referencia escrita deixada polo xeografo árabe Al Idrisi<sup>1</sup>, que no século XII fai unha descripción do camiño por mar desde Galicia ata Baiona de Francia.

Reproducimos aquí un parrafo da des-

cripción que afecta a esta zona: *de Alfaro al río de Orticaira, río accesible a la marea y dominado por un castillo llamado Montoyo dabelia (sic), sesenta millas .*

Comezaremos por identificar os nomes que nos achega este documento. O río é o Mera, ó que lle chama “Ortigueira”, sen precisar más detalles, pero ó indicar que é navegable temos que pensar que se trata da ría, ou esteiro, que forma o río Mera na súa desembocadura. Cando se refire a Alfaro, seguramente se refire á torre de Hercules, onde, nas súas proximidades se ergue a cidade da Coruña, que na época que escribe Idrisi, non estaba fundada nin siquera como vila; existía nun lugar próximo un burgo que se coñecía co nome de “Burgo de Faro”, dahí o nome que lle asina Idrisi a este punto de referencia que se atopa na costa, á entrada do vello golfo dos Artabros, distante varias millas do nacemento da ría de Ortigueira.

**CASTELO DA PENA DO VILAR.**- Pois ben, podemos precisar tamén que o castelo ó que se refire é o **castelo de Montoxo Vello de Landoi** -na actualidade coñecido co nome de Castelo do Casón- onde posiblemente buscara refuxio Rodrigo Ovéquez, o conde de Lugo, que, fuxindo das tropas do rei Alfonso VI recuou ata o castro de Sismundi. Todo isto merece unha explicación que procuramos documentar, tratando de simplificar o máis posible. O lugar de Montoxo Vello de Landoi, aparece na documentación dos séculos XVI e XVII. Este lugar pertencía ao convento de San Domingos da vila de Santa Marta e foi aforado, no ano 1576, a Pedro Rodríguez e á súa dona, diante do escribano Paulos Fernández<sup>2</sup>.

A todo o monte que unía as parroquias de San Xiao de Montoxo coa que hoxe coñecemos co nome de Santiago de Landoi, chamóuselle nun tempo co mesmo nome: Montogio, ou Montoxo, e tamén existe o lugar de Montoxo vello na parroquia de San Xiao de Montoxo, o que non debe confundirnos.

**CAMIÑO A TEIXIDO.**- Sabemos, por un documento<sup>3</sup> do século XVII, que o Camiño Francés en dirección a Teixido- coñecido tamén como Camiño de San Andrés - e o Porto de Cariño, atravesaba o río Mera polo lugar das Raízes, próximo á súa desembocadura: *En la fsia de San Adriano a beynticinco días del mes de enero de mil y seiscientos y sesenta y tres años ante mi escribano público ...es a saber una tercia parte de la casa que esta sita abajo del lugar das Raízes en dha fsia ....segun están juntos della camino francés en medio* segun todo élo es conocido y testan por una parte en el río de mera. Razón que se suma á importancia que, en épocas pretéritas, tivo o citado castelo, que seguramente servía de refuxio e protección á toda a zona, é a rota en particular, xa que o camiño que se dirixe a Teixido, pasa a poucos metros deste castelo.

**O CRUZADO LONGNISTEIN E O INGLÉS OSBERNO.**- Outra destas aportacións escritas que aporta un valor cronológico concreto é a que nos achega un dos cruzados anglonormandos<sup>4</sup> que, procedente do porto de Dartmouth arribou ás costas de Viveiro e de Ortigueira, despois de oito longos días cheos de tormentas e penurias. Chámase Duodechinus Longnistein<sup>5</sup>, e a

data da súa arribada a estas terras sitúase a finais do mes de maio, ou a principios de xuño, do ano 1147, e sabese que tamén visitaron Compostela. Era un membro dunha escuadra que lle transmite o relato dos feitos ao abade Zuno. Outra testemuña é a dun compoñente da segunda Cruzada, chamado Osberno de Baldr<sup>6</sup>, inglés de nación, que describe con verdadeira admiración, a viaxe que realizapola costa, referenciando a distancias ata San Salvador de Oviedo, así como a excelencia do seu relicario; continuando coa súa navegación ata chegar a Ortigueira e a Coruña, para dirixirse ata Lisboa onde participaría no famoso cerco que tivo lugar no **ano 1147**.

Moitos outros pelegríns facían esta travesía, procedentes dos países cristiáns do Centro e do Norte de Europa, ún viñan por terra e outros polo mar que tan ben coñecían.

**RIBADEO, UNHA PORTA GALEGA DO CAMIÑO FRANCÉS.**- O camiño por terra, chamado co nome de Camiño Francés, entraba polo Norte de Galicia pola xurisdicción de Ribadeo. Os peregrinos proviñan de San Salvador de Oviedo (onde se custodiaban un gran número de reliquias de santos), visitando varios santuarios, repartidos en varios tramos ou xornadas entre os que o profesor Juan Ramón Fernández Pacios<sup>7</sup> na súa obra titulada: “O Camiño de Santiago na Mariña Lucense”, destaca os tramos de Ribadeo a San Martiño de Mondoñedo, e o de san Martiño ata Viveiro. Nestes dous primeiros tramos era de obrigada visita o Mosteiro de San Martín de Mondoñedo. Este camiño, que

foi protexido polas Ordes de Cabaleiría, tal é com o se lles chamaba de xeiro xenerico, contaba cunha rede de hospitais, partindo desde o Hospital de San Sebastián en Ribadeo, e outro do mesmo nome en San Martiño, pasando logo polo de San Miguel de Lieiro ata chegar ó de Santa Ana na parroquia de Santiago de Celeiro. Despois, entrando na Vila de Viveiro documéntanse os de Santiago e o de Santa María, así como outras obras pías como eran: os de San Lazaro, Santo Domingo e o do Santo Cristo. Todos eles foron estudiados en profundidade polo profesor D. Carlos Adrán Goas<sup>8</sup> que investigou esta ruta, documentándoa co rigor que acompaña sempre as súas obras.

**DESVÍO A ORTIGUEIRA.**- Neste tramo, que os traía desde Ribadeo, os pelegríns podían atravesar, ou desviarse, polas parroquias de: a Devesa, Reñante, Barreiros, Vilaronte, San Martiño, Adelán, Foz, Fazouro, Nois, Cangas, Cervo, Burela, San Cibrao, Xove, Celeiro e Viveiro, xa que en todas elas existían santuarios, ou pequenos eremitorios de interese.

Outro desvío do camiño, que foi estudiado por D. J. Luis López Pombo, publicado no seu traballo sobor do Concello de Ourol (editado pola Deputación de Lugo ), dirixíase a Betanzos en dirección á montaña, atravesando as parroquias de Santiago de Bravos, Ourol, Sixto, ou Muras.

Desde Viveiro, a Ortigueira, cruzaban por Galdo e Cabanas, entrando pola ponte do Porto de Santa María, no couto de Maañón.



## Outra referencia documental do século XIV. Aparecen as condeas de peregrinación forzosa

No século XIV déronse moitos casos nos que os condeados por algúns delitos se lles daba a elegir o tipo de castigo, como era o caso das condeas de peregrinación forzosa. Algúns elegían facer o camiño de Santiago, por ser longo e difícil; en moitos casos proporcional á pena.

Procedían dos lonxanos Paises Baixos, dos xulgados de Gante e de Alost, e téñense datadas máis de duas mil sentencias entre os anos 1350 e 1380. Na descripción do camiño que tiñan que percorrer ata chegar a Santiago, estaban, San Salvador de Oviedo e **Santa Marta de Ortigueira**; e decir a ruta do camiño da costa polo Norte.

**ORTIGUEIRA, REFERENCIA PARA OS PEREGRINOS.**- Como xa sabemos, a vila ortigueiresa xa estaba fundada por esas datas<sup>9</sup> e contaba con porto de abrigo, dous hospitais e co convento de San Domingos, que servía de referencia ós condeados pelegríns, a quienes se lles prestaba tamén a axuda espiritual e física que necesitaban.



Nos mapas portulanos da época figuran, entre os de Ribadeo, e Viveiro, os portos de Ortigueira e de Cedeira. Segundo se desprende do traballo de D. E. Ferreiro Priege, "Galicia en el Comercio Marítimo Medieval", no ano 1313 temos o Portulano de Petrus Vesconte. Xénova; o Portulano de Gracioso Beníncasa de Ancona no 1467; o Portulano feito polo portugués Pedro Rainel no 1485. Así tamén, no traballo do mallorquín Cresques no século XIX. Non pode-

mos esquecer que os porto de Ortigueira e o de Cedeira figuraban na relación que aparece nas cortes de Xerez no ano 1268, como destacados na península, o que lles confería proxeción europea.

Outros documentos que nos falan do Camiño Francés desde Viveiro, Mañón, Vares e San Xiao de Senra.

Se ben o camiño más frecuentado era o Real, outro non menos concurrido é o Camiño Francés<sup>10</sup>, que atravesando varias pontes, como eran: a Ponte do Porto de Santa María<sup>11</sup> sobre o río Sor, unía o Couto de Maañón da xurisdicción de Santa Marta, coa parroquia de Cabanas nas xurisdicción de Viveiro; a Ponte de Pedra de San Salvador de Couzadoiro sobre o río Valeo; a de Saa en Senra sobre o río Maior; e as de Noval, e a do Piago, que era de madeira, na desembocadura do río Mera. Esta era a rede de pontes que se atopaban os pelegríns que, dependendo do sentido, facían o camiño en dirección a Teixido e a Santiago de Compostela.

**CAMIÑO MARÍTIMO: CARIÑO, ORTIGUEIRA E VARES.**- Outro camiño, o marítimo costeiro, dirixíase desde os portos de Ortigueira e de Cariño; este último porto es-

taba cerca de San Xiao do Trebo o que xa se ten documentado no século XII.

No **porto de Cariño** contábase coa ermida de San Bartolomeu, da que temos constancia, cando menos, desde o século XVI; desde este porto, atravesando as estribacións da serra da Capelada, os pelegríns que viñan por mar podían dirixirse cara a Teixido.

O que desexase facer outra rota, che-



gado a **Santa Marta**, podía continuar a pé, ou ben empregar as lanchas da paxaxe de Fornelos ou de Sismundi, existente xa no século XIV, do cal controlaba as rendas o propio concello de Ortigueira.

**O s portos de Vares, Cariño e Santa Marta acollían peregrinos de varios países europeos**

Outra variante do camiño era o que proviña do **porto de Vares** que se unía ó principal que viña de Viveiro (no porto de Vares existía a ermida de San Pedro). Neste caso usaban o camiño Francés que unía ese porto con Santa María de Mogor, camiño que xa está documentado desde o século XV, no magnífico traballo que leva por título "El Monasterio de san Miguel de la Coelleira" do cal é autor don Enrique Cal Pardo.

O mesmo lle ocorre ó de **Ortigueira**, onde tamén se lle chama Camiño Francés, e do cal temos noticia por varios documentos, como é o caso do ano 1545, onde o escribán Juan Pardo<sup>12</sup>, recolle nunha escritura de venta un dato importante, relativo a freguesía de Senra: *treinta e dos castiñeiros con sus postas e tarratorio que son sitos en la dicha feligresía de Senra en Geiron, como están los catorce de ellos en la beyra del camino francés*. Este Camiño entraba en San Claudio polo lugar da Abeleira, para dirixirse ata o barrio da feira.

**PADROADO DO APÓSTOLO NA COMARCA.**- Como se pode comprobar e testificar, a presenza do padroado do apóstolo Santiago está referenciado na titularidade de varias parroquias da comarca como son as de **Santiago de Cuíña** e **Santiago de Landoi**, parroquias integradas na liña e dirección do camiño do Norte, é dicir, no Camiño Francés. O mesmo que outras freguesías da mariña lucense que teñen a Santiago como patrono: **Santiago de Foz**, ou **Santiago de Celeiro**, poñamos por caso. E tamén as da costa entre Cedeira e Ferrol, como é o caso de **Santiago de Lago**; sen esquecer a de **Santiago Seré das Somozas** que está na rota do camiño de San Andrés, que unía o Santuario de San Xiao dos Osos co interior, pasando por As Pontes de García Rodríguez, que tamén contaba, cómo non, co Hospital de san Xoán. Por certo, a Santiago de Landoi tamén se lle chamaba Santiago “Seré”; queda na documentación algún resto que no lo recorda ó chamarlle a unha zona próxima a iglesia, a leira, ou tarreo de “Seré”. O culto ó apóstolo Santiago é moi común en toda Galicia; Ortigueira non é unha excepción.

## De Ribadeo a Viveiro e Cedeira

Desde Ribadeo ata Viveiro son moi abondosas as citas do Camiño Francés<sup>13</sup>, datos que foron publicados por dous expertos investigadores, como son Carlos Adrán Goas e J. Ramón Fdez Pacios, e ó seu traballo nos remitimos.

O mesmo acontece no caso de Cedeira, onde o profesor R. Usero, ten documentado un camiño francés que, procedente de Santa Marta fa en dirección á vila cedeiresa, segundo consta na documentación do mosteiro de Oseira conservada no Arquico Provincial de Ourense, e outros datos que podemos achegar do mesmo camiño francés ao seu paso polo lugar do Hospital, ou polo das Figueiras. É dicir, abondan os documentos e as citas que avalan a existencia deste Camiño Francés, un ramal máis do Camiño de Santiago.

**A PROBA QUE CERTIFICA QUE ORTIGUEIRA ERA UNHA VILA DO CAMIÑO DE SANTIAGO E SAN ANDRÉS DE TEIXIDO.**- Corría o ano de 1692 cando o secretario do Concello de Ortigueira,

Bernabé Freire de Andrade<sup>14</sup>, deixaba escrito nunha acta municipal<sup>15</sup> o que será no sucesivo un **punto de referencia documental imprescindible** para os estudiosos do Camiño de Santiago pola rota do Norte.

As conclusións á hora de relacionar a causa do paulatino esquecemento e abandono da tradición xacobea polo camiño da costa, lévanos a pensar que foi debida ó aillamento do resto dos camiños, e o sucesivo empobrecemento da zona. Foi este un fenómeno socio cultural que propiciou o abandono

desta rota desde Ribadeo, pasando por Viveiro, Ortigueira e San Andrés de Teixido. A desidia, a ignorancia e a pobreza fixeron o resto.

Nesta ocasión que se me brinda tentarei demostrar documentalmente o que xa era de supor, antes de dar co documento que se transcribe de contado: que a terra de Ortigueira estaba no camiño de Santiago, e que nun tempo todos os camiños conducían á cidade do Apóstolo. Tal foi a súa importancia.

### ACTA MUNICIPAL DO DÍA 5 DE XUÑO DO 1692.

**DO 1692.-** “En la villa de Santa marta a cinco días del mes de junio de mill y seiscientos y noventa y dos años por ante mi escribano hestando juntos sus mercedes justicia y ayuntamiento desta dch. Villa y condado que abaxo firmaron = Dixeron que por quanto esta villa hes cabeza de partido y punto confinando a la mar donde suelen concorrir muchas naciones hestranxeras y deste reino y passo general para Romerías al apostol del Sr. Santiago y San Andrés de Teixido y siendo hestilo usado y guardado de que sus mercedes tienen obli-

gación de asistir con el mayor adorno y aseo que se requiere para el culto divino y días de la celennación de la festividá del corpus cristi y procision general que se hace como oy dia se hiço y en esta dha. Villa por ser dia de dha. Celebración y siendo de la obligación según en todas las villas y lugares deste Reino....”

(Continúa).

A acta está asinada polos señores: Gil Rodríguez Dorado y Aguiar, Alcalde e Xusticia Maior; D. Manuel Mesía y Solís; o Licenciado Agustín Pardo Alfeirán; e o escribán e secretario do Concello,



que a redactou, Bernabé Freire de Andrade.

Velaí a proba, un conceello do camiño confirma a existencia duna rota xacobea que outros documentos indicaban, más non con tan clara precisión.



Os peregrinos pasaban por Ortigueira camiño a Santo Andrés de Teixido, na imaxe

# Os hospitais de peregrinos da terra de Ortigueira

Tiveron longa fama o lazareto da Magdalena e o hospital de San Roque, na villa, e o hospital de San Claudio

## O HOSPITAL DE SAN ROQUE<sup>16</sup> NA VILA DE SANTA MARTA.

Ó longo de toda a rota de peregrinación existían varios hospitais que servían para dar repouso e acubillo ós esforzados peregrinos e romeiros que pasaban por estas terras. Estaban situados en lugares apropiados, distantes uns dos outros non mais de trinta kilómetros, que era a distancia ideal para percorrer en cada xornada por un viaxeiro. Estes hospitais atopábanse ó amparo dalgún vial importante, Camiño Real, Camiño Francés, e tamén dentro da propia vila, como eran os casos de: Ribadeo, Lourenzá, Viveiro, e Ortigueira.

Temos noticias que nos informan de que desde tempos inmemoriáis<sup>17</sup> ergúerase na vila de Santa Marta o Hospital de San Roque e da Santísima Trinidad e Redención de Cautivos<sup>18</sup>, que estaba ó cargo da xusticia e reximento da vila - o primeiro apeo<sup>19</sup> dos bens desta obras pías data do ano 1499 -. Estaba no barrio do Ponto, ó remate das dúas rúas, da principal e da de abaxo, que desde a Porta da Vila se dirixían a este barrio e á fortaleza do Campoda Torre. Este hospital foi reedificado, nos séculos XIX e XX, desaparecendo a función primitiva e perdendo, entre outras cousas, a capela de San Roque<sup>20</sup>, conservando, únicamente, a planta rectangular do edificio. Na actualidade serve para ou-



etros usos, aguardando mellores tempos nos que poida realiza-la función de albergue, co cal voltaríamos a restituirlle o seu verdadeiro valor, o que desexamos profundamente.

**A nosa bisarra esataba sementada de mosteiros e hospitais, queatraían ós viaxeiros**

Contaba con varias camas e tiña unha dotación material importante para o seu mantemento. Podían albergarse homes e mulleres.

Algúns dos pelegríns que remataron os seus días neste hospital deixounos unha información de moita valía, que se recolle no libro de difuntos da parroquia de Santa Marta<sup>21</sup> este pelegrín era un francés de nome J. Garí, na súa

partida de defunción quedou recollido o seguinte: En quince de abril de mil seiscientos y cincuenta y nueve enterré a Jº. Garí de nación frances que murió en el Hospital del Señor San Roque de esta villa de Santa Marta de Ortigueira siendo del gran patron Santiago según costo de sus papeles y cedula de confession que traia firmada de el Ilmo.Sr. Dn. Pedro de Argüelles y Baldes dean de la Santa Yglesia de Santiago, por los cuales y dichos de otros peregrinos, le dí sepultura eclesiastica, y quedan en mi poder, a que me refiero. Porque por descuido del Hospitalero por no me avisar ni saber yo de tal enfermo, se murió sin que fuese administrado de ningún sacramento, de lo cual me quejé y protesté no tener culpa ni haber sido por mi descuido...lo enterré antes de entrar en la iglesia, en la puerta derecha, en una sepultura de tres que están puestas al lado de la Epístola...Fdo Aº. De Estrada

No libro II de difuntos da parroquia de santa Marta topámonos de novo con

FITOS E ETAPAS  
DO CAMIÑO  
XACOBEO  
POR TERRAS  
DO ORTEGAL



## Ponte do Porto de Santa María

Riberao  
Malvide  
Casavella  
O Campiño  
Carballás de Arriba  
Barcós  
Capela de san Pedro  
Cruce de San Pedro

## Concello de Mañón

Alto do Foxo  
Pao do Lobo  
Pedrón  
Camiño Grande  
Trabado  
Salto do asno  
Ponte da Pedra  
Igrexa de San Salvador de Couzadoiro  
Coto

## Concello de Ortigueira

Caldeiros  
Lamas  
Mosteiro  
Seoane  
Chao de Fora  
Pasadoiro  
Meixón Frio  
Monte Maior  
Sanguíñedo  
Amieiros  
Subpenido  
Penido  
Areosa  
Cancelas  
Ferreiros



Estrada da Magdalena a Cuiña, por onde dicurria o Antigo Camiño Real

outro pelegrín, chamado Florron Fromanger; corría o día 14 de abril do ano 1791, cando o licenciado Dn. Joseph Mathías de Barja y Luaces asentaba ó folio 13 vto. o que sigue: "...cura párroco desta villa de Santa Marta de Ortigueira y San Martín de Luama, asistí a dar sepultura eclesiástica en la Capilla de San Roque del Hospital de hospedage de peregrinos de esta expresada villa, al cadáver de uno que llegó enfermo y murió en él sin poder recibir sacramentos, menos el de la Extremaunción, que le administré, y según los documentos franceses y uno español que le encontraron parece ser de nación francesa y llamarse Florron Fromanger...". Na mesma partida insértase unha certificación de conforme estivera en Santiago de Compostela o día 3 de agosto do ano 1768, expedido por Juan Francisco Súarez de Deza, e co selo do apóstolo<sup>22</sup>.

**O HOSPITAL DA MAGDALENA<sup>23</sup>, EXTRAMUROS DA VILA.**- Poida que sexa a súa fundación más antiga que a do Hospital de San Roque, poida que a súa fundación date do século XIII, parreira incluso á fundación da nova póboa de Santa Marta. Neste Hospital dábbase acubillo ós leprosos, ou lazarus, que procedían de diversos lugas-

#### Tramo desde a Vila de Santa Marta ata Santiago de Cuiña

Hospital de San Roque  
A Porta da Vila  
Hermida da Magdalena  
Cancelo  
A Rúa  
Igrexa de Santiago de Cuiña

#### Rota marítima

Porto da Vila de Santa Marta  
Fornelos  
Leixa.  
Serantes  
Pena do Vilar



res e orixes. Dispoñía de camas, casetas e hospitaleiros, que tamén eran lazarus, así como dunha capela para a súa atención espiritual, que se vería reducida nas súas dimensións no século XVIII, por mor das obras levadas a cabo naquela época. **Garda no seu interior un raro e curioso retablo**, que é motivo de diversos comentarios. Se ben este hospital non era de peregrinos, de modo ocasional podía acoller algúns que reunise as dúas condicións: a de leproso e a de peregrino. Consta documentalmente a existencia de enterramentos nas súas proximidades, e dicir, no adro; dahí que se vexan restos dalgunhas sepulturas nos muros próximos a esta construción, algúns destas campas mesmo conservan restos dunha cruz labrada na pedra. O carón deste hospital fundóuse co paso do tempo o barrio do mesmo



Lápida en pedra dunha sepultura do s. XIV, procedente do antigo cementerio da Magdalena

nome. A razón de que se construira ás aforas da vila era, básicamente por hixiene, e, como diríamos hoxe, por imaxe, o mesmo que nas vilas de Cedeira ou de Viveiro, tal e como estaba ordeado polas pragmáticas dos reis. Esta labor era necesaria, e os leprosos eran frecuentes, así en Ortigueira, como en Viveiro, ou Cedeira, onde tamén existían, ás aforas da vila, os lazaretos.

Ponte de Saa  
Igrexa de San Xiao de Senra  
Granxa  
Geirón  
Abeleira  
Feira de San Claudio  
O Cristo  
Igrexa de San Claudio  
Orxado  
Viña da Cruz  
O Lagar  
A Caioga  
O Pazo  
Mouriños  
A Rocha  
O Francés.  
A Medrosa  
Casanova  
Carballo de Boi  
Outeiro- Igrexa de Santiago de Mera  
Veiga.  
Ponte da Viga  
Ponte de Mera  
Lugar das Raices  
O Casón  
Pena do Vilar  
Castelo  
Cociñado  
Cerdeira

O Campo  
Lamelas  
Ermida do Socorro - Biduído  
Campo da Pena  
Prado da Pena  
Fonte do Espiño  
Candocia  
Hermida do Socorro – Meizoso  
Monte Capelada  
Campo da Armada- Cimal da Costa  
Amilladoiro. Mirador da Braxe  
Lagoa de San Andrés.  
**Igrexa de San Andrés de Teixido**

#### **Concello de Cedeira**

O Campo  
Lamelas  
Ermida do Socorro - Biduído  
Campo da Pena  
Prado da Pena  
Fonte do Espiño  
Candocia  
Hermida do Socorro – Meizoso  
Monte Capelada  
Campo da Armada- Cimal da Costa  
Amilladoiro. Mirador da Braxe  
Lagoa de San Andrés.  
**Igrexa de San Andrés de Teixido**

# Os hospitais de peregrinos da terra de Ortigueira



O edificio do hospital da parroquia de San Claudio situábase fóra dos muros do Pazo de Barreiros, na imaxe.

## O HOSPITAL DE PEREGRINOS DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE SAN CLAUDIO.

- Se continuamos coa nosa andaina pola veira da ría de Ortigueira, en dirección a Teixido, atravesaremos as parroquias de Santiago de Cuiña e a de San Xiao de Senra, e chegaremos a Santa María de San Claudio. Unha parroquia da que xa se ten noticia documental no século XII.

Ó chegar ó barrio da feira, o camiño desviarase á esquerda, ata o lugar dos Barreiros, onde o Licenciado Juan Díaz Tenreiro fundou o Hospital de Peregrinos de San Claudio, **a mediados do século XVII.**

## A OBRA DO LICENCIADO TENREIRO.

Juan Díaz Tenreiro entrou como crego da parroquia de San Claudio no ano 1627; era descendente dun asentado fi-

dalgo que foi presenteiro desta freguesía no século XV, chamado Juan Díaz de Andrade, que á súa vez o era do cabaleiro Lopo Díaz de Andrade, sepultado no Convento de San Domingos, nunha sepultura de bulto, hoxe desaparecida. Este Juan Díaz, na segunda metade do século XV casara con Maior Fernández Tenreiro e pasan a ser os donos da casa da Torre, chamada dos Barreiros, onde ainda se conserva o seu escudo de armas. Velaí a relación familiar co lugar elixido para afundación deste novo hospital.

O licenciado Tenreiro faleceu nesta parroquia o día 10 de maio de 1671<sup>24</sup>, deixando **fundadas dúas capelas, inclusas na igrexa parroquial**, a de Nosa Señora da Ascensión, e a de San Xoan Bautista; **así como o citado hospital, que agregou a fundación**, sinalando

para o seu sostento un amplio número de bens.

**HÓSPEDES DO HOSPITAL.**-Este edificio de hospital<sup>25</sup> erguéuse por fora dos muros do que hoxe se coñece co nome de Pazo dos Barreiros - moi próximo ó lugar de Alvariños - no lugar que ainda os maís vellos coñecen co nome do Hospital. Contó desde o seu comezo cun matrimonio de hospitaleiros, que se rexían polas cláusulas da fundación e polo capelán que fose da capela da Asunción, capela colativa de sangue, o que limitaba a algúns familiar do fundador a representación dos dereitos e administración dos bens así como do control do hospital.

No libro de difuntos desta freguesía son varias as partidas de defunción que nos señalan a relación, e o paso

## documentación

<sup>1</sup> Simonet F.J. El Apostol Santiago Patrón de España y los autores árabigos. Esta refeencia está sacada dun traballo curioso e pouco coñecido, publicado no nº 18 de La Ilustración Católica, o 14 de novembro do ano 1882. O autor do mesmo e F.J.Simonet,que comenta e correixe a traducción que, no séculos XVIII,e XIX fixeran diversos investigadores, entre os que cita a: D.José Antonio Conde, Mr Amadeo Jaubert,e os alemáns Spruner e Menke. O xeógrafo árabe ó que se lle debe este importantísimo documento chamábbase ( simplificando) Alidrisi, e describe este itinerario marítimo na parte primeira do que el denomina “quinto clima”. Entre los itinerarios que cita o autor do tra-

ballo, destacamos o seguinte: *Uno marítimo desde coimbra, o más propiamente desde el próximo puerto de Montemayor, a la desembocadura del río de santiago (o río Ulla), y desde allí se prolongaba por las costas de galicia hasta el río de Ortigueira y más allá.*

Na traducción feita e publicada polo Sr. Conde, aparece este párrafo da seguinte forma: y de el a Hisn Algar, que es un muy gran castillo, y hay en el los rastos de un soberbio templo; y de algar a wadi – artekira, que es río en donde entra el fluxo y el refluxo.Y sobre el un Castillo llamado Mont – Saria dabela sesenta millas; y de el a Wadi – Calambria que es río de grande confluenta y el mar entra en el.

<sup>2</sup> Arquivo particular do autor.

<sup>3</sup>Arquivo Notarial da Coruña. Protocolos Notariais de Ortigueira. Prot. do ano 1663 do escrián Andrés Fernández Cortés,fol. 13.

<sup>4</sup> Angli cum multis alias alienigenis: crusade settlers in Tortosa (second half of the twelfth century)". Antoni Virgili , Journal of Medieval History, 35 (2009), 297-312.

<sup>5</sup> Duodechinus de Logistein. Annales Sancti Disibodi. Seguramente era un dos participantes na Segunda Cruzada, que fora convocada polo Papa Eugenio III, onde resultaría de particular importancia a figura de San Bernardo de Claraval.

<sup>6</sup>Véxase a narración no orixinal depositado no Arquivo Histórico da

Universidade de Cambridge. Biblioteca do Colexio do Corpo de Cristo. Códice 470.

<sup>7</sup> Fernández Pacios, Juan Ramón. O Camiño de Santiago na Mariña Lucense. Xunta de Galicia. Xacobeo 2004.

<sup>8</sup> Adrán Goás. Carlos. La ruta Jacobea en la comarca de Vivero. O Camiño de Santiago Norte como Itinerario Turístico.A rede Hospitalaria na Mariña Lucense.El Hospital de Pobres y Peregrinos de Santa Ana de Celeiro. Revista Rudesindus. Páx 71.104.

<sup>9</sup> Sabemos por un documento que se custodia na Colección de Pergamenos do tumbo da Dignidade da Catedral de Mondoñedo, que a>

dos romeiros, co camiño de Santiago e de San Andrés de Teixido; algúns tan explícitos como os que refiro a continuación:

“En veinte y cuatro de mayo de setecientos y once murió en el hospital desta feligresía una pobre mendicante aviendo recibido los Santos Sacramentos, dijo era natural de Vizcaya y venia de Santiago en romería; está enterrada en la capilla del Licenciado Tenreyro y para que conste lo firmo”<sup>26</sup>.

Estábanse a padecer os efectos da fame, dessa fame histórica que se repetía cada pouco tempo e deixaba os pobos sen xente, en Galicia máis que noutros lugares. Os pelegríns, e moitos pobres tiñan un lugar de repouso eterno asegurado, na capela grande fundada polo licenciado Tenreyro, tal é como fora o seu desexo.

Como vemos esta pobre romeira estaba a facer o camiño de volta; outros tiñan mellor sorte e continuaban ata as súas terras de orixe, onde podían contar como fora a súa peregrinaxe. Outro pelegrín, de nome Andrés Cueba, corre á mesma sorte, e falece o día sete de febreiro do ano 1738; no libro I dos defuntos da mesma parróquia quedou constancia escrita do seu pasamento<sup>27</sup>:

“...Andrés Cueba según dijo se llamaba y ser vecino de la villa de Alditos(sic) Reino de Castilla la Vieja...murió en el Hospital que hai en esta feligresía... no traía dinero alguno, bendiose toda su

ropa en cinco reales y medio...enterrose en dha. Capilla por me averen dicho los vecinos desta feligresía que lo avia dispuesto ansi Dn. Juan Díaz Tenreyro fundador que ha sido de ella...”.

No ano 1741, a 6 de agosto, morre un viaxeiro que dí ser da cidade de Xénova, de nome Nicolas Cano, non fixo testamento e morreu administrado dos sacramentos no hospital da parroquia.

Aparece tamén a doutro xenovés que dí ser veciño da cidade de Vindimilla (sic), de nome Antonio Ballestino.

Figura algún que outro soldado nas mesmas condicións, algúns provintes de Montserrat, en Cataluña.

#### A FUNDACIÓN DE TENREIRO NO 1642.-

Para afondar un pouco más di-

remos que esta desinteresada fundación hospitaleira fora feita polo Licenciado Juan Díaz Tenreyro en 14 de maio do ano 1642, por ante o escribán da cidade de Mondoñedo Pedro del Río y Bolaño, dotación que foi mellorada no seu testamento, feito ante o escribán Antonio Fernández Cortés pouco antes do seu pasamento no ano 1671, onde mandaba sepultar o seu corpo “en dha. sepultura Lamina con escudo y Armas que tengo puesto en dicha capilla con unas letras que digan en esta sepultura está enterrado Juan Díaz Tenreyro y Andrade fundador de esta capilla y cura que fue de esta Santa Yglesia murió tal año...” ó fol. 43 do protocolo do escribán arriba dito.

O escudo atópase na actualidade na parte superior da porta de acceso ó adro da igrexa de San Claudio.



Igrexa de San Claudio, punto de paso do camiño francés por Ortigueira

## documentación

>> nova pobo de Santa Marta xa existía no ano 1235, ano no que se outorga o citado documento, que foi aportado amablemente por D. Enrique Cal Pardo, arquiveiro da Catedral, rigoroso e incansable investigador, a quen tanto lle debemos os amantes da historia de Galicia, e da diocese de Mondoñedo en particular.

<sup>10</sup> No Arquivo Notarial da Coruña, sección de Protocolos Notariais de Ortigueira. O escribano Luis Fernández da Penas recólle no seu protocolo do ano 1642, o seguinte dato: En el coto de Santa María de Mañón a cinco días del mes de enero de mill y seiscientos y quarenta y dos años parezo presente Barto-

lome Rodríguez vecino del dho coto...y dixo que el la mexor bya y forma que de derecho aia lugar bendía y daba en venta real firme y berdadera para todo tiempo de siempre xamas a Juan da Pena do Sisto vecino de la dcha feligresía de manon que estaba presente para el y su muger hijos y herederos y sucesores y quien en su derecho sucediere es a saber un quarto enteramente de la casa del **lugar de San Pedro** donde al presente vive dho vendedor con otra tanta parte del alboio corrales huerto y ayra ....según testa por una parte en el camino francés y por otra en el lugar dos barcos donde vive Juan da Laxe y por otra en el rego pequeno da navesaria y en el rego das farinas y rego pequeno da pena da Gote... (continúa).

<sup>11</sup> Arquivo Notarial da Coruña. Prot. de Ortigueira. Escribano Luis Fernández da Pena. No protocolo do ano 1643, ó folio 60, aparece: En el Coto de Mañón a dos días del mes de maio de mill y seiscientos y quarenta y tres años en presencia de mi escribano parezo presente María alonso biuda de Alonso do Rego difunto vecina del dcho. coto....un cuarto enteramente de la leira do porto dos francos que llevara de sembradura diez ferrados de pan poco mas o menos, **linda por una parte en el Camino Real que va para la Villa de Vivero** y por la otra en heredad del dcho. comparador y de Andrés de Ynsoa y por otra en el camino que va para el lugar de Arbello y en el que biene de Arbello para el que va de la Villa de Vivero para Santa Marta...

<sup>12</sup> Arquivo do autor.

<sup>13</sup> Adrán Goás, Carlos. El Hospital de Sta....de Cillero. Revista Rudesindus. Fernández Pacios, J. Ramón. O Camiño de Santiago na Mariña Lucense.

<sup>14</sup> Escribano de número e secretario do Concello de Ortigueira, nacido en Santiago de Brallobre, do cal conservo o seu testamento no arquivo familiar. Morre na corte, en Madrid, no ano 1698.

<sup>15</sup> Arquivo Municipal de Ortigueira, sección de Nombramientos y Oficios y Libro de Acuerdos desta Villa y Condado de Santa Marta para este año de mil seiscientos noventa y dos.

# Ortigueira debe recuperar o seu Camiño francés neste Ano Santo

**RECUPEREMOS O NOSO CAMIÑO FRANCÉS.**- Como podemos ver, ratifícase unha vez máis a existencia dun camiño de Santiago que pasaba pola terra de Ortigueira, o mesmo que pola de Cedeira ou Neda, onde existían hospitais similares. Sirva, pois, esta aportación documental como testemuña de reclamación, que debe refrescarnos a memoria do pasado Xacobeo de todo o territorio galego, sen cortes.

As vilas de Neda, Pontedeume ou Betanzos conservarán mellor a rota, tendo un soporte documental igual, que non superior ó de Ortigueira. Pensamos que os estudos realizados na década do anos noventa do pasado século son concluyentes; ás probas nos remiti-

mos, e que os aportados no presente veñen a confirmar unha realidade.

O camiño Francés non é un invento, é unha realidade, e está moi claro que pasaba pola terra de Ortigueira, pasaba é pasa, e conviña recuperalo. Fainos falta ánimo, e disposición, o resto témolo. Aproveitemos este Ano Santo para recuperar o camiño erdado, o camiño que é noso. ■



Á esquerda, Ponte do Porto de Santa María sobre o río Sor, no concello de Mañón. Abaixo, Meixón Frio. Albergue de peregrinos. Recibe este nome porque carecía de portas e ventás



Sobre estas liñas, as populares capelas do Vello e Novo, en Cedeira, onde acampaban os velllos e novos peregrinos.



**Na memoria de  
Antonio Rivera Losada.  
“ULTREIA”**

## documentación

<sup>16</sup> Arquivo particular de don Federico Maciñeira Teijeiro. Libro de Contas do hospital de San Roque. Gracias á xentileza do amigo Federico, é posible achegar un dato importante, e de transcendencia manifesta, que proba que no século XVI esta moi activa a función hospitalaria en Ortigueira. Vexamos. O bispo de Mondoñedo don Ysidro Caja de La Jara visita este hospital o día 21 de outubro do ano 1587, nel atopase por mordomo Juan de Basoa, escribano, o cal asenta no libro de contas do hospital, ó folio 4, os datos seguintes: Tres camas de ropa que tiene cada una un colchón y dos sábanas y dos mantas... O bispo ordena: **item mando que quando ocurrieren al dho. hospital algunos peregrinos que sean hombres y mujeres casados el hospitalero los recoxa y de cama e aposento donde durmyeren.** Ytem que faltando el hospitalero que agora es que las mujeres que estubieren al dho hospital viban avaxo. Que se quite el cricifixo que está a la puerta de la villa y si quisieren poner otro por su debocion proporcionado les convida su señoría lo pongan por su debocion y que en la puerta principal de la villa se haga un horatorio e ymagén de nuestra señora y encarga a la justicia y rejimiento se cobren unos maravedis que dicen asi estaban determinados (continúa).

<sup>17</sup> Posiblemente a fundación deste

hospital sexa da segunda metade do século XIV, despois da epidemia da peste que se extendera por moitos países europeos da época, onde a san Roque se lle atribuiría unha milagreira intervención.

<sup>18</sup> Arquivo Municipal de Ortigueira. Noticia, Memoriales u subasta de vienes raíces de Fábricas, cofradías, memorias, fundaciones y Obras Pías de la Jurisdicción de Sta. Marta de Ortigueira en virtud de Real orden. Escribanía del Ayuntamiento: **Obra pía del Señor San Roque y Hospital de la resurrección de la Villa de Santa Marta:** Esta no tiene ni se encuentra fundación. Está en posesión La Justicia y reximiento de la villa en conservar los edificios de capilla y hospital para los peregrinos con sus camas necesarias proveydas de ropas y cuida un hospitalero porque son Patronos dho. Ayuntamiento y reciven por patronato veinte y dos cada año. Fol 3 recto.

<sup>19</sup> Copia no Arquivo do autor.

<sup>20</sup> Arquivo particular de don Federico Maciñeira Teijeiro. Libro de Contas do hospital de San Roque. Neste caso recurrimos a outra cita aparecida neste valioso libro, a cal nos da unha información valiosa sobre a construcción da citada capela. O visitador enviado polo bispo manda o seguinte: mando que el dho mayordomo, de

los dchos alcances, **aga una capilla junto al hospital arimada a la pared a la parte donde fuere señalada por el dho visitador y que sea la dcha capilla bien echa a bista del cura gobernador y Regimiento desta villa y sea la dcha capilla de la adbocación de San Roque.** Por quanto en hesta billa no ay hermita de la advocación del señor San Roque (continúa). Estaba de hospitaleira por este ano de 1604 Isabela da Serra, e os mestres canteiros que fixeron esta capella foron Pedro de Cubas e Pedro de Llanes, dous afamados canteiros que deixaron obras, tanto en Viveiro, como en ortigueira. No ano 1590 o oficio de hospitaleiro ocupába **un francés, de nome Ginot (Cícarte),** que antes estivera en Viveiro ocupado noutros oficios.

<sup>21</sup> Arquivo Diocesano de Mondoñedo. Libro I de defuntos, fol. 7 verso, e fol 8. recto.

<sup>22</sup> Arquivo Diocesano de Mondoñedo. Libro II de Difuntos da parroquia de Santa Marta de Ortigueira, fol. 13.

<sup>23</sup> Arquivo Municipal de Ortigueira. Noticia, Memoriales u subasta de vienes raíces de Fábricas, cofradías, memorias, fundaciones y Obras Pías de la Jurisdicción de Sta. Marta de Ortigueira en virtud de Real orden. Escribanía del Ayuntamiento. **Obra pía de Sta. María Magdalena y San Lazaro de la Villa de**

santa Marta.

Es esta obra pía del Patronato de Legos en posesión ymemorial de serlo la xusticia y Reximiento de dha villa y por tanto antigua no hay su fundación ya que se buscó no parece y con esta noticia paa a poner los bienes que tiene y con sus rrenta rixe establecida. Al sitio de la Madalena de la villa el hospital para los lazardos con su guerta (continúa). Fol. 1 verso.

<sup>24</sup> Arquivo Diocesano de Mondoñedo. Libro I de defuntos da parroquia de Santa María de San Claudio, fol. 35 verso.

<sup>25</sup> Datos deste hospital aparecen no Catastro desta parroquia, feito por orde do Marqués de Ensenada, no ano 1752. Á pregunta 30 do interro-gatorio contestan os veciños o se-guinte: **a la treynta dixeron que en dcha feligresía hai una casa destinada para Hospital de Peregrinos** con dos camas, por quenta de D. Juan do Pico Tenreyro, capellan de la capellanía de la Asunción de Nuestra Señora, inclusa en la parroquial de esta dcha fesligresía, cuas camas i dicha casa de hsopicio tiene obligación dicho capellán de tenere exis-tentes de la renta de dicha capilla según cláusula de su fundación, y de dar asistencia a los peregrinos que tal vez transitan y enferman por no tener dicho hospicio más renta ni emolumento alguno y responden.

<sup>26</sup> Ibidem, fol. 90.

<sup>27</sup> Ibíden: fol 133.